

MANIFESTO

SOMOS UNHA EDITORIAL COMPROMETIDA

Cremos no poder das historias. O ser humano é unha construción narrativa. O noso mundo constrúese mediante relatos e vivimos inmersos neles. As historias axúdannos a entender o mundo, a assimilar realidades complexas e a concienciarnos.

PUBLICAMOS LIBROS COMPROMETIDOS CO MEDIO AMBIENTE. AS MATERIAS PRIMAS UTILIZADAS NA FABRICACIÓN DOS NOSOS LIBROS SON RECICLABLES E CUMPREN AMPLAMENTE COA NORMATIVA EUROPEA DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE, ECONOMÍA CIRCULAR E XESTIÓN ENERXÉTICA.

FAVORECEMOS O DIÁLOGO

Ler xera un espazo para o diálogo e o intercambio de opinións en diferentes ámbitos: a familia, a escola, a biblioteca, os clubs de lectura, o círculo de amizades, as redes sociais... Nos libros está a cerna de multitude de ideas e a solución a problemas non resoltos e, mesmo, aínda inexistentes.

FOMENTAMOS O DIÁLOGO CONSTRUTIVO A TRAVÉS DA LECTURA.

REIVINDICAMOS O VALOR DA LECTURA COMO MOTOR DE CAMBIO

Defendemos a literatura infantil e xuvenil de calidade. Apostamos por historias comprometidas, valentes, que convidan á reflexión, á formación, ao divertimento... Os libros son poderosas ferramentas para entender o mundo, para evolucionar.

TODAS E TODOS SOMOS PEZAS IMPORTANTES PARA FACER MEDRAR O CAMBIO E, COMO EDITORES E LECTORES, ASUMIMOS UN PAPEL ACTIVO NESTE RETO.

AS NOSAS ASPIRACIÓNS

Non pretendemos ser a mellor editora do mundo. Desexamos converternos nunha das máis respectadas polas nosas lectoras e lectores.

SEGUIREMOS TRABALLANDO PARA MELLORAR OS NOSOS PROCESOS E MINIMIZAR O SEU IMPACTO AMBIENTAL. CONTINUAREMOS PUBLICANDO LIBROS QUE DIVIRTAN E FOMENTEN A CREATIVIDADE, A SENSIBILIDADE, O RESPECTO POLO PLANETA E POLA DIVERSIDADE DOS SERES QUE O HABITAN.

PORQUE A LECTURA É UN ELEMENTO QUE NOS ENRIQUECE E TRANSFORMA, O CAMBIO MEDRA NOS LIBROS.